

# PENSA EN VERDE

CEIP PLURILINGÜE SOBREIRA – VALADARES VIGO

---

**VI Concurso de Traballos por Proxectos  
2018-2019**

# INDICE

Páx.

1) Introducción. Xustificación e planificación con referencia aos contidos curriculares, criterios e estándares de avaliación, así como competencias clave a desenvolver a través do proxecto; calendario para as tarefas previstas, alumnado e profesorado participante, organización para a súa realización.....	3
2) Obxecto ou temática de investigación propostos.....	5
3) Breve descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta.....	6
4) Documentación elaborada para profesorado e alumnado.....	8
5) Relación das tarefas máis importantes realizadas ao longo do proxecto polo alumnado.....	8
6) Recursos utilizados así como unha enumeración detallada das principais fontes consultadas para a investigación.....	11
7) Implicación da comunidade educativa, no seu caso.....	13
8) Difusión dos traballos entre a comunidade educativa.....	13
9) Avaliación realizada en relación cos criterios de avaliación e as competencias clave do currículo, entre outros aspectos. Procedementos empregados.....	13
10) Función e participación da biblioteca escolar en todo o proceso. Incluirase material gráfico e materiais elaborados desde a biblioteca ou directamente polo alumnado.  Ou espazo web que recolla os recursos empregados e os produtos finais do proxecto.....	14



# **1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN**

Dende o equipo de biblioteca propoñemos diferentes liñas ou apartados que pensamos poden derivar do tema “Medio Ambiente” tentando involucrar o tratamento das distintas competencias dende distintas áreas.

Pretendemos favorecer a alfabetización múltiple empregando fontes informativas diversas e a través de metodoloxías de proxectos e propostas de carácter interdisciplinario.

Centrámonos en que o alumnado valore o traballo colaborativo, o respecto cara ás demais persoas e a avaliación con intención de mellorar. O obxectivo é o desenvolvemento da competencia informacional do alumnado, que sexan quen de compartir e aplicar o coñecemento despois de ter analizado, e interpretado a información que buscaron.

## **Planificación con referencia aos:**

### **Contidos curriculares**

- Iniciación á actividade científica.
- Realización de proxectos con guía na súa estrutura e presentación de resultados.
- Busca guiada de información na internet e noutros soportes.
- Elaboración guiada de textos escritos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.
- Iniciación ás técnicas de traballo.
- Estratexias e normas para o intercambio comunicativo: participación; escoita; respecto á quenda de palabra; respecto polos sentimentos dos e das demais.
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que complementen o significado da mensaxe.
- Normas e estratexias para a produción de textos: planificación (función, destinatario, xeración de ideas, estrutura...)
- Valoración da limpeza, a orde e a presentación ao realizar un traballo.

### **Criterios de avaliación**

- Iniciarse na actividade científica a través de proxectos: buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes.
- Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala na produción propia.
- Comprender a funcionalidade de diferentes tipoloxías textuais, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) adaptados a súa idade.
- Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura.
- Manexar as actividades plásticas utilizando diferentes ferramentas coa correspondente destreza (recortar, pegar, encher, traballar con pincel, pegamentos etc.).

## Estándares:

- Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes.
- Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.
- Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.
- Aplica as normas socio-comunicativas: escoita e respecta a quenda de palabra.
- Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais para comunicarse oralmente.
- Recoñece a funcionalidade de determinadas tipoloxías textuais: carteis, anuncios, avisos, normas, instrucións ...
- Utiliza, para escribir textos sinxelos, borradores que amosan: a xeración e selección de ideas, a revisión ortográfica e a secuencia coherente do escrito.
- Practica con precisión o recorte, o pegado, o pintado etc.

## Competencias clave a desenvolver a través do proxecto

A través do PDI lévanse ao cabo estratexias e tarefas que contribúen ao desenvolvemento das competencias. Tentamos integrar as distintas competencias clave, fomentando o traballo colaborativo. O proxecto contribúe ao desenvolvemento:

- Da **competencia en comunicación lingüística (CL)**, a través da riqueza dos intercambios comunicativos e do vocabulario específico que se aportará. Presentarán os produtos finais difundindo o coñecemento aprendido incorporando aspectos persoais. O alumnado terá que facer tarefas de lectura, comprendendo a información, análise -contrastando afirmacións- e síntese – estruturando e procesando a información-.
- Da **competencia para aprender a aprender (AA)**, sendo consciente das propias capacidades, do que se pode facer por un mesmo e do que se pode facer con axuda doutras persoas. Redundando, así, na motivación, na confianza nun mesmo e no gusto por aprender.
- Da **competencia dixital (CD)**, a través do uso da tecnoloxía como ferramenta para acceder, buscar e obter a información, así como para procesala, transformala e comunicala a través de produtos finais multimedia.
- Da **conciencia e expresións culturais (CEC)**, proporcionando o achegamento ás manifestacións culturais e artísticas do entorno, para valoralas con opinións fundamentadas no coñecemento.
- Da **competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)** abordando conceptos da xeometría e proporcionalidade.
- Do **sentido de iniciativa e espírito emprendedor (IE)** facendo da exploración e da indagación os mecanismos axeitados para definir posibilidades, buscar solucións e adquirir coñecementos.
- Da **competencia social e cívica (SC)** porque a pescuda, o tratamento e a presentación da información implican, en moitas ocasións, un traballo en equipo.

## **Calendario para as tarefas previstas.**

O PDI comeza tras a celebración do Día da Biblioteca Escolar, o 24 de outubro e rematará na primeira semana de xuño, cunha exposición conxunta que chamamos a “Semana Cultural”.

Durante o primeiro trimestre o equipo de biblioteca poñeremos en marcha as actividades de “activación” do proxecto e comezamos a recompilación de bibliografía, enlaces web, artigos, revistas, páxinas oficiais, documentais, entrevistas..., que posteriormente achegamos ao resto de mestras para facilitarlles a tarefa de documentación.

Durante o segundo trimestre comeza a investigación, decidindo cada titoría que aspecto do Medio Ambiente queren traballar. Dende o equipo de biblioteca acompañamos e axudamos.

No terceiro trimestre cada grupo traballará no tratamento da información pescudada para elaborar os produtos finais que conforman a exposición conxunta da Semana Cultural.

## **Alumnado e profesorado participante**

Tal e como levamos facendo nos últimos cursos, todo o profesorado e todo o alumnado do Centro, desde 4º de infantil ata 6º de primaria, participa no proxecto desde as diferentes áreas.

Destaca a participación das familias que se achegan para aportar o seu coñecemento científico, así como oficios, deportes e experiencias vitais.

## **Organización para a súa realización.**

Cada titoría conta cunha sesión semanal reservada na Leoteca Bibliosoños para poder investigar e consultar a bibliografía seleccionada polo equipo de biblioteca. Propuxemos que o produto final fose libre, animando ás compañeiras a empregar diferentes formatos e soportes: presentacións multimedia, murais, libros, figuras modeladas...

Dende o equipo de biblioteca axudamos coas dificultades atopadas na práctica, deseñamos actividades e tarefas para os diferentes niveis e avaliamos o proxecto.

## **2. OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN.**

Dende o equipo de biblioteca propuxemos varias liñas ou apartados que pensamos podían derivar do tema “medioambiente” tentando involucrar o tratamento das distintas competencias dende distintas áreas.

Así as liñas de investigación foron: a flora e fauna, a conservación e coidado medioambiental, os bosques singulares e as enerxías renovables.

Tras decidir a información que íamos buscar e traballar da proposta inicial “educación contra incendios”, o Proxecto quedou renomeado: “Pensa en Verde”.

### 3. BREVE DESCRIPCIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

-> **Presentación do PDI ao alumnado.** Seguindo as dinámicas dos cursos anteriores.

O 21 de setembro, o equipo de biblioteca comeza colgando nos corredores e nas entradas do colexio uns carteis negros cun interrogante amarelo, é a personaxe da biblioteca: “Don Preguntón”. Nas 5 semanas seguintes fomos engadindo pistas nos carteis para provocar a curiosidade dos nenos e nenas.

Os voluntarios de 6º EP eran os únicos alumnos e alumnas do cole que sabían o tema do PDI antes de desvelarse o Día da Biblioteca, 24 de outubro. Cada semana buscaron imaxes que despois combinaban en collage.

Durante esas 5 semanas de pistas, o alumnado podía escribir nun “post it” cal lles parecía que podía ser a temática e pinchalo na corticeira da entrada da “Leoteca Bibliosoños”

O Día da Biblioteca, desvelamos o Proxecto Documental Integrado para este curso 2018-19. Todos reunidos, un representante de cada titoría subiu ao escenario recoller unha folla de carballo que escondía unha letra no envés.

Ao xuntar todas as letras formouse o título do PDI: “*Pensa en Verde*”



-> **Abrazo ao Monte –**

O 19 de outubro alumnado, profesorado e outro persoal da comunidade educativa de 8 coles da cidade de Vigo **reforestamos unha parcela** fronte o noso CEIP Sobreira-Valadares. Despois trasladámonos ao Monte dos Pozos, onde cerca de 1.500 persoas completamos un “**abrazo ao monte**” e despois compartimos un tempo de festa con música e xogos.

A banda sonora desta xornada foi a canción “**Ven Comigo**” de “María Fumaça” coa letra algo modificada para nomear estes lugares significativos.

## -> **Plantamos carballos “madrileños”**

Na mañá do xoves 15 de novembro chegou ao cole un paquete moi especial. Un regalo dos nosos amigos de Móstoles do CEIP Pablo Sarasate. Este colexio contactou con nós co gallo dos incendios do 15 de outubro de 2018. Enviaron un precioso cubo decorado con mimo que agochaba... tres carballos!!

O noso alumnado de infantil foi plantar este tres carballos na finca que ardera fronte ao noso cole, onde esperamos que teñan un gran futuro.



(A directora do CEIP Sobreira-Valadares, Conchi, abre o cubo ante todo o alumnado no porche da entrada)

-> **Durante “Marzo Verde”** Por segundo curso consecutivo, a nosa mascota, Leo León, enviou unha carta ás aulas cun planning das actividades que irían aparecendo no “Rincón Fedello” con motivo das conmemoracións “verdes” (medioambientais) do mes de marzo. O alumnado podía facer cadenetas e pancartas para unirse á moza *Greta Thunberg* e o seu movemento #Fridaysforfuture.

-> **Durante a Semana da Prensa** editamos un exemplar especial: “The Sobreira Times” que ten o título do PDI deste curso: “Pensa en Verde”. Creamos un xornal de tamaño xigante no que cada titoría aportou unha sección en formato noticia, editorial, publicidade ou pasatempos anunciando os ámbitos de investigación dos produtos finais que se están a elaborar.

-> **O Equipo de Actividades Complementarias** organizou distintas actividades e saídas para todos os niveis relacionadas co medioambiente, procurando afondar no apartado que cada titoría escolleu para investigar.

-> **Na Semana Cultural**, fixemos un horario especial para que todos os grupos puidesen presentar o seu produto, a lo menos, a outro grupo do cole. De xeito que todos foron “profes” e todos recibiron aos compañeiros e compañeiras doutro nivel.

-> **No English Festival** as mestras de inglés proxectaron para as familias un videomontaxe coa canción “Sing for the Climate” con todo o alumnado e con participación e colaboración doutras persoas da comunidade educativa como a coidadora, o porteiro-vixiante e as monitoras do comedor e autobus.

## **4. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA O ALUMNADO E PROFESORADO**

Entregamos nos ficheiros do profesorado, na sala de profes, as notificacións das tarefas, recordatorios de datas, recomendacións...

Ao longo do curso o alumnado recibiu tamén notas e carteis que chegaban da man de Leo León ás caixas do correo das aulas invitándolles a investigar, participar, resolver enigmas..., en torno á temática do medioambiente.

## **5. RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO.**

- Preparar as pistas para os “Preguntóns” que anunciaron o PDI deste curso. Buscar imaxes e compoñer un collage.
  - Imprimir as cartas da seguinte pista e levar ás caixas do correo de cada titoría.
  - Enviar carta ás caixas do correo das titorías cos fondos documentais que a biblioteca mercou e puxo a disposición: bibliografía específica, narrativa, divulgación ...
  - Buscar e seleccionar información na internet.
  - Buscar e seleccionar información nos xornais.
  - Buscar e seleccionar información nos fondos bibliográficos seleccionados.
  - Elaborar textos en formato prensa (noticias, editorial, pasatempos, anuncios) para o xornal edición especial “The Sobreira Times-Pensa en Verde”.
  - Elaborar os textos e composición artística dos produtos finais.
  - Presentar e explicar aos compañeiros o produto final.
- Nas aula de 4º e 5ºEl traballaron os animais no Medio ambiente. linvestigaron dos animais do bosque e da granxa e traballaron os sentimentos pola Natureza.







Enviaron cartas ás outras aulas para invitar ao alumnado que escribise unha folla cunha frase de “sentimentos pola Natureza” para colgar na árbore.



Empregaron o conto “Á Sombra dos Anacardios” para facer unha dinámica cooperativa de maleta e así ir construíndo a súa propia “Árbore das Lembranzas e dos Sentimentos”

- Na aula de 6ºEP traballaron o medio ambiente con “distancia kilométrica” porque investigaron a chegada a Lúa e “distancia temporal” porque tamén investigaron os dinosauros.



- Na aula de 1º e 2ºEP investigaron o ciclo das plantas. Investigaron as árbores, en particular os exemplares do cole. Traballando as súas partes e características, formas de follas,... sinalizaron cun indicador en cada árbore coa información elaborada por eles nun QR



- Na aula de 3ºEP investigaron as plantas aromáticas e plantas foráneas “curiosas” polas súas características



- Na aula de 4ºEP fixeron un herbario



- Na aula de 5ºEP centráronse na oliveira. Investigaron sobre esta árbore que é símbolo da nosa cidade.



- Nas aulas de 6ºEP investigaron as enerxías renovables e os bosques singulares



## 6. RECURSOS UTILIZADOS E ENUMERACIÓN DETALLADA DAS FONTES CONSULTADAS.

Destinamos parte da dotación para fondos do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares e aportación do presuposto do Centro para mercar material bibliográfico de consulta de calidade e rigoroso relacionado co proxecto. Tamén mercamos literatura con temática “verde”.

Estes fondos estaban colocados nunha gran maleta na entrada xunto ao tableiro do proxecto, segundo as necesidades do profesorado. Ao longo do curso tivemos que ampliar o espazo adicado a estes fondos do PDI e forramos unha estantería independente para que simulara ser un tronco de árbore onde colocamos estes fondos de consulta a disposición do profesorado e alumnado.

### FONDOS BIBLIOGRÁFICOS

- LITTON, J. (2015). *El Planeta Tierra*. Madrid, ES.: Susaeta.
- VIÉITEZ, D., IGLESIAS, I. (2016). *O Raposo Rufo en O Coidado do Medio.Embora*.
- NIÑO RICOI H., SILVAR, C. (2011). *Árbores*. Baía edicións.
- SILVAR, C (2016). *O Carballo*. Baía edicións.

- CASTRO, M., FREIRE, L., PRUNELL, A. (2002). *Guía das Árbores de Galicia*. Vigo, ES.: Xerais.
- MARTÍNEZ LORENZO, L. (2018). *Puf! Vaia Peido*. Galaxia.
- SALVADORES, R., ARCOS, F. (2005). *Os Anfibios e Réptiles do Parque Natural do Monte Aloia*. Xunta de Galicia.
- CHAKRABARTI, N. (2018). *Hola Natura*. Coco Books
- ROTHMAN, J. (2017). *La Vida en el Campo*. Errata Naturae.
- LANGE, M., FALTERMAYR, C. (2009). *¿Quién Ha Pasado por Aquí?. Las Huellas y Rastros*. Juventud.
- SÁNCHEZ, E. (2006). *¿Qué es la Agricultura Ecológica?*. Oviedo, ES. Pintar-Pintar
- MAGUIRE, K., KROLL, D. (2017). *El Día de la Naturaleza*. Bruño.
- GOES, P. (2018). *Ríos*. Maeva Young.
- WOOD, A. JOLLEY, M. (2016). *Mundo Natural*. Flamboyant.
- LITTON, J. (2017). *El Planeta Tierra*. Susaeta.
- LUCHT, SPANGENBERG. (1980). *El Reloj Verde*. Blume
- RUBIO, I., IGLESIAS, B. (2013). *Árboles de Leyenda*. Siete Leguas.
- LEIRO, A., DAPORTA, M (2000). *A Ecoloxía*. Vigo, ES.: A Nosa Terra.
- LÓPEZ, X., GARCÍA, X.M. (2014). *Xoguetes Naturais. Outono-Inverno*. Vigo, ES.:A Nosa Terra.
- LÓPEZ, X., GARCÍA, X.M. (2014). *Xoguetes Naturais. Primavera-Verán*. Vigo,ES.:A Nosa Terra.
- LÓPEZ, X., GARCÍA, X.M. (2003). *Os Xoguetes Esquecidos (I)*. Vigo, ES.:A Nosa Terra.
- LÓPEZ, X., GARCÍA, X.M. (2003). *Os Xoguetes Esquecidos (II)*. Vigo, ES.:A Nosa Terra.
- PALOMO GARCÍA, C. (2008). *ABC del Medio Ambiente*. Everest.
- BELLAMY, D., DANN, P. (1994). *¿Quieres Ser un Buen Ecologista?*. Ediciones B.
- GREEN, J. (1994). *¡No lo Tires!. Crea Animales Fantásticos*. Barcelona, ES. Parramon.
- GREEN, J., GORDON, M. (2012). *¿Por qué Debo Ahorrar Agua?*. Madrid, ES.: Anaya.
- GREEN, J. (2016). *El Clima en 30 Segundos*. Barcelona, ES. Blume.
- PARKER, S. (2011). *Recursos Naturales*. Susaeta.
- FERNÁNDEZ ALONSO, J., MOSQUERA LOSADA, M<sup>ª</sup>R., REGUEIRO RODRÍGUEZ, A.(1999). *Católogo das árbores Singulares do Concello de Vigo*. Concellería Vigo.
- CASTRO, M., FREIRE, L. (1992). *O Carballo*. Vigo, ES. Xerais.
- ANTELO DOCAMPO, P., PEÑAS PATIÑO, X.. (1987). *As Plantas*. Madrid, ES: Cadernos Museo do Pobo Galego.
- SELBERG, I. (1979). *Árboles y Hojas*. SM
- CREXELLS, C., LLIMÓS PLOMER, A. (2000). *¡Vamos a Crear!. Vegetales y Semillas*. Barcelona, ES.: Parramón
- ALADJIDI, V., TCHOUKRIEL, E. (2017). *Inventario de Flores*. Kalandraka.
- BILLIOUD, J.M., (2007). *Coida o Teu Planeta*. SM.
- CARREIRO, P. (2017). *Como Producir Menos Lixo. Os Bolechas*. Galicia, ES.: Bolanda.
- VARIOS (2011). *Ideas de Baixo Consumo Responsables e Solidarias*. Xunta de Galicia.
- VARIOS (2011). *Limpiña: a praia máis Bonitiña*. Xunta de Galicia.
- VARIOS (2011). *Mr. Iglú fai amigos*. Xunta de Galicia.
- IBARROLA, B. (2013). *Historia dunha Lata*. Primeira Persona
- IBARROLA, B. (2013). *Aventuras dunha Pinga de Auga*. Primeira Persona.
- SANDOVAL, A., URBERUAGA, E. (2016). *A Árbore da Escola*. Kalandraka.
- REVIEJO, C., GABÁN, J. (2013). *Versos del Bosque*. SM
- FORTES, A.,MULAZZANI, S. (2010). *Á Sombra dos Anacardios*. OQO.
- DE EVAN, A., DOMÍNGUEZ, J. (2018). *Naturizo*. Linteo.

## REVISTAS

- VARIOS. ( abril 2019). *Non Hai Planeta B*. Xornal O Papagaio, 7. Edicións Moito Conto
- MOLINA, L. (2017). *Cero Residuos, ¡Es Posible!*. Reportero DOC, 249, 43-47.

## **7. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA**

A implicación da comunidade educativa foi total, xa que participaron, como nos últimos cursos, a totalidade dos mestres e mestras e todo o alumnado do Centro. As titoras escolleron o apartado que querían investigar, e as mestras especialistas dende as súas áreas colaboraron seleccionando información de relevancia acoplándose á temática escollida por cada nivel.

Os distintos equipos docentes, Convivencia, Tics, EDGL e Complementarias, tamén tiveron en conta o proxecto “Pensa en Verde” para o deseño dalgunhas das súas actividades e propostas.

As familias fixeron achegas moi significativas emprestando materiais reais e dando charlas. Tamén colaboraron na ambientación e organización do entroido temático.

## **8. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA**

O principal medio de difusión foi a páxina web do cole. Cada vez que actualizamos algún post enviouse unha mensaxe polo servizo Abalar móbil.

Tamén enviáronse circulares pedindo a colaboración das familias para pequenas tarefas propostas dos distintos equipos docentes. Todos estes traballiños foron quedando expostos polo corredor de entrada e cumpriron a labor de crear ambiente ata a exposición dos produtos finais.

En xuño, na Semana Cultural, fixemos un horario especial para que todos os grupos puidesen presentar o seu produto, a lo menos, a outro grupo do cole. De xeito que todos foron “profes” e todos recibiron aos compañeiros e compañeiras doutro nivel.

Aproveitamos a asistencia das familias ao “English Festival” para convidalos a visitar a mostra cos produtos finais que quedou instalada no corredor da entrada.

## **9. AVALIACIÓN EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETENCIAS CLAVE DO CURRÍCULO. PROCEDEMENTOS EMPREGADOS**

Concluído o proxecto a avaliación é positiva. O alumnado iniciouse na actividade científica buscando e seleccionando información coa guía das mestras. Recoñeceron diferentes tipos de textos dos que seleccionar información, desenvolveron destrezas plásticas e produciron textos elaborados acordes aos seus niveis, adquirindo un grao máis desenvolto das súas competencias.

Para avaliar as actividades do proxecto e a súa evolución ao longo do curso, empregamos as reunións do equipo de biblioteca. Tamén nalgunha reunión xeral dos martes tarde cotexamos a marcha do proceso de investigación, a conveniencia das actividades propostas, o interese amosado polo alumnado, os comentarios que achegaban as familias,... para axudar e rectificar se era preciso as tarefas, as datas, a coordinación e organización das visitas...

A asistencia das familias á exposición da Semana Cultural, a numerosa participación nas actividades, entrevistas, entroido..., dan conta de que realmente todos traballamos da man para levar o proxecto adiante.

## **10. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR**

A biblioteca foi o eixe vertebrador da posta en marcha e desenvolvemento do proxecto "Pensa en Verde", desde o principio ata o final. Propoñendo a temática do proxecto, deseñando e elaborando actividades, coordinando e asesorando ao profesorado. recompilando fondos bibliográficos e recursos, elaborando carteis para a difusión dos traballos, mantendo actualizado o site web...

Os materiais elaborados desde a biblioteca e polo alumnado, así como as imaxes e vídeos dos produtos finais do proxecto están no site-blog "pensaenverde" dentro da web do centro:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsobreiravaladares/pensaenverde>

---